



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 688 Semana do 25 ao 31 de xullo de 2016

SOBRAN TRIUNFALISMOS CON 75.700 VIVENDAS CON TODOS OS ACTIVOS NO PARO, 37.700 SEN PERCEPTORES DE INGRESOS E 134.900 PERSOAS PARADAS QUE LEVAN MÁIS DUN ANO NA PROCURA DE EMPREGO (98.100 LEVAN XA MÁIS DE DOUS)

BAIXA O PARO PERO MEDRA A TEMPORALIDADE E O EMPREGO DE ESCASA CALIDADE

Para UGT, é imprescindible que os Orzamentos de 2017 aposten por un cambio de política económica e de emprego

Redacción.- A EPA do segundo trimestre de 2016 arroxa datos positivos en termos de baixada do desemprego, aínda que con moitos matices en relación á calidade do emprego que se crea e as dificultades que persisten para moitas familias con todos os seus activos no paro, xa moitas delas sen ingresos, e 134.900 desempregados de longa duración (máis dun ano buscando emprego) que non conseguen atopar un posto de traballo.

Para UGT-Galicia, sobran os triunfalismos e as administracións, tanto a galega como a estatal, deben apostar e acometer xa un cambio de política económica e de políticas en materia de emprego que garanta unha recuperación sostible no tempo e á que poidan acceder todos, situación que pasa, necesariamente, pola creación de emprego estable e de calidade.

Concretando as cifras que arroxa a EPA para Galicia, a ocupación medra no segundo trimestre de 2016, en relación ao trimestre anterior, nun 1,26 por cento, 12.900 persoas ocupadas máis, aínda que de xeito menos acusado que no resto do Estado, onde a suba foi do 1,51 por cento. En relación ao segundo trimestre de 2015, a ocupación sube un 2,39 por cento en Galicia e un 2,43 por cento no resto do Estado.

Así, as cifras de ocupación sitúanse en Galicia en 1.034.000 persoas e a taxa queda no 44 por cento, aínda moi por debaixo das cifras superiores ao 50 por cento que se rexistraban antes da crise.

O paro cae en Galicia un 2,17 por cento, 4.900 persoas menos. No resto do Estado a caída é máis acusada, do 4,52 por cento. No ano cae un 11,71 por cento en Galicia e un 11,15 por cento no Estado. Hai 222.900 persoas en situación de desemprego en Galicia

As cifras da EPA reflicten un mercado laboral cada vez máis contraído. No ano diminúe a poboación de 16 ou máis anos en 10.800 efectivos, deles, 3.800 son menores de

25 anos, o que evidencia que cada vez hai menos poboación en idade de traballar. Tamén caen as persoas activas, as que desexan incorporarse ao mercado laboral, sendo ocupadas ou desempregadas, 5.500 menos.

O reflexo real desta estatística sobre as familias galegas é 75.700 vivendas con todos os activos no paro e 37.700 fogares nos que xa non hai ingresos. Valores insostibles para calquera sociedade que pretenda presumir de "recuperación económica" e que evidencian que nesta "recuperación" non están entrando todos coas mesmas oportunidades.

Se estas cifras son preocupantes, aínda que son máis se se comparan coas que se rexistraban no terceiro trimestre do ano 2009. Así, conséntase que o número de vivendas nas que todos os activos están no paro medran en Galicia nun 69 por cento e as referidas ás que xa non teñen perceptores de ingresos nun 91,4 por cento.

En relación á taxa de paro, esta queda no 20 por cento no Estado e no 17,74 por cento en Galicia pero resulta certamente preocupante que esta se eleve ata o 43,7 por cento no caso dos menores de 25 anos.

No trimestre os asalariados con contrato indefinido medran un 0,62 por cento pero é que esta suba é do 4,9 por cento no caso dos temporais. En relación a hai un ano, eliminando así os compoñentes estacionais, soben os temporais un 5,24 por cento, fronte ao 1,23 por cento dos indefinidos.

De feito, a taxa de temporalidade volve a valores superiores ao 25 por cento, concretamente, do 25,8 por cento, subindo en relación



ao trimestre anterior e hai un ano. No caso das mulleres esta porcentaxe é máis elevada aínda, do 27,8 por cento.

En definitiva, as cifras evidencian que a recuperación do emprego ven da man de actividades estacionais que demostran un emprego temporal, de escasa calidade e baixos salarios.

A creación de emprego e a temporalidade camiñan xuntas en Galicia: cando se xera emprego este é estacional e precario. Segue enquistada a temporalidade e ascende o traballo a tempo parcial involuntario e outras formas de subemprego.

A taxa de temporalidade segue en ascenso. Para UGT-Galicia, a reforma laboral e outras medidas impostas polo Goberno, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade no mercado de traballo.

É evidente que as políticas de emprego, tanto a nivel estatal como en Galicia, non están sendo efectivas á hora de mellorar a empregabilidade das persoas, especialmente no caso dos parados de longa duración.

Ante estes datos, UGT-Galicia considera que a recuperación do mercado laboral é pouco sólida e advirte dos perigos que entraña un modelo de crecemento económico construído sobre os mesmos alicerces da etapa expansiva anterior. É dicir, con actividades de escaso valor engadido e tecnolóxico e un emprego temporal menos cualificado e de peor calidade.

A INCOMPETENCIA DO GOBERNO CONDENA A ESPAÑA A DOUS ANOS MÁIS DE AUSTRERIDADE

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera que, a pesar da cancelación da multa a España polo incumprimento do déficit, a incompetencia do Goberno en funcións condena ao noso país a dous anos máis de austeridade e axustes que, unha vez máis, pagarán os cidadáns. O sindicato mantén que, fronte aos recortes do gasto público, é necesario actuar para lograr o aumento de ingresos mediante unha reforma fiscal integral “baseada na proporcionalidade, a loita contra a fraude fiscal, a economía mergullada, os paraísos fiscais e a evasión fiscal das grandes empresas que permita a España crecer de forma estable e sostida no tempo e contribúa ao cambio de modelo produtivo”.

Os peores presaxios cumpríronse. España volve a non cumprir cos obxectivos de déficit impostos no Pacto de Estabilidade e Crecemento e Bruxelas contraataca con duros recortes. Cada un no seu papel.

Bruxelas calculou que España sumará un déficit público do 4,6% en 2016 e a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) alertou de que o déficit se desviará entre o 4,1% e o 4,7% en 2016. En calquera caso, moi lonxe das cifras establecidas no Programa de Estabilidade 2016-2019, segundo o cal o déficit debería reducirse do 5% do PIB ao 3,6% en 2016 e ao 2,9% en 2017.

Segundo a AIReF, a situación e perspectivas das finanzas públicas sufriron unha progresiva deterioración desde a Actualización do Programa de Estabilidade 2016-2019 no mes de abril, sobre todo, debido a que os prezos non se recuperan, o que retrae os ingresos tributarios, a pesar do avance da actividade económica (en consonancia coa desvalorización salarial e a deterioración das rendas no noso país), e á reforma tributaria do PP tanto do Imposto de Sociedades como do IRPF en plena campaña electoral, feito que tivo un impacto moi negativo na recadación (estímanse uns 7.000 millóns de euros menos).

Hoxe o Goberno do PP quedou en evidencia: haberá máis recortes porque non se pode fiar a economía a un crecemento débil, insustentable e desigual e ao emprego precario e devaluado.

Bruxelas xa puxo en dúbida no seu momento as contas presentadas polo Executivo español e insistiu unha e outra vez no risco de incumprimento do déficit.



Agora dixó basta. Dá por perdido o ano 2016 porque o goberno non tomou as medidas adecuadas e si medidas electorais nun ano en continua campaña electoral, pero no escenario dun país sumido no paro, a precariedade e a deterioración social e laboral.

Bruxelas fixo seus os argumentos da AIREF e considera que as medidas enviadas polo ministro de Economía para evitar as sancións (que doutra banda recoñecen a propia incompetencia e os erros dun executivo que se emenda a si mesmo) non son suficientes nin adecuadas.

Así as cousas, Bruxelas esixe a supervisión trimestral das nosas contas poñendo de relevo a falta de credibilidade do Goberno en Europa, e o que é peor, novos obxectivos fiscais: un déficit do 3,1% en 2017 e do 2,2% en 2018, o que supoñerían axustes de ata 26.000 millóns de euros neses anos, dado o axuste de case dous puntos e medio do déficit que España debe atender sen máis demora.

Pero a consecuencia sufrirana de novo os cidadáns e os traballadores deste país, e son as derivadas do duro axuste fiscal que nos esixen de 10.000 millóns de recortes estruturais en 2017 e 2018, medio punto do PIB cada un destes dous anos. Estes axustes deben, ademais, concretarse en medidas estruturais, é dicir, desvinculadas do ciclo económico, e con carácter permanente. E a isto hai que sumar que á volta das vacacións Bruxelas aprobará o recorte dos fondos estruturais derivado tamén do incumprimento do déficit e que podería alcanzar os 1.000 millóns de euros, o 50% do total.

Para cumprir con estes axustes, só hai dúas vías: aumentar impostos ou recortar gasto público. Este desastre ten un único final para Bruxelas: os PXE de 2017 serán de novo uns orzamentos baseados na austeridade, se España quere evitar novas sancións de ata 5.500 mi-

llóns de euros.

Fronte a esta estratexia de máis e maior austeridade vía recorte de gasto público, a alternativa de UGT para poder aumentar os ingresos: unha reforma fiscal integral máis xusta e con maior poder recadatorio. Trátase de deseñar unha política fiscal desde o consenso social e político que permita a España crecer de forma estable e sostida no tempo, que permita contribuir ao cambio de modelo produtivo que defende a Unión Xeral de Traballadores e que necesita o país. E, para iso, UGT propón levar a cabo unha reforma fiscal integral, que actúe sobre todas as figuras tributarias, que teña como eixo central o nivel de renda dos contribuíntes: acometer un plan de choque de loita contra a fraude fiscal e contra a economía mergullada, que conteña un incremento dos medios humanos da Axencia Tributaria e da Seguridade Social, aumente os prazos de prescrición para os delitos fiscais e os recadatorios da Seguridade Social, e reduza o límite para que a fraude sexa considerada un delito; e impulsar a nivel nacional, europeo e internacional a loita contra os paraísos fiscais e contra as prácticas de elusión de impostos das grandes empresas. Só perseguindo a fraude fiscal poderían recadarse máis de 80.000 millóns de euros, un diñeiro que permitiría desenvolver políticas sociais e de emprego.

Para tratar estas e outra cuestións, UGT insta ao conxunto das forzas políticas a abrir un debate inmediato sobre fiscalidade, entre outro asuntos, porque o diálogo social debe ser clave nestas decisións, dada a urxencia de garantir a suficiencia de recursos para atender as necesidades sociais, necesidades agravadas pola crise, e que ten sumidos aos traballadores e á cidadanía en xeral nunha precariedade laboral e social insustentable, e que terminará de derrubar ante novos recortes derivados da incompetencia do goberno español e das institucións europeas.

UGT e CCOO reclaman a PP, PSOE, Podemos e Cidadáns a abordar un ambicioso programa económico e social

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, dirixíronse aos máximos dirixentes dos catro principais partidos políticos (PP, PSOE, Podemos e Cidadáns) para abordar, en canto se constituía o próximo Goberno, un ambicioso programa de negociación tripartita sobre distintas materias de carácter económico e social.

O texto da carta é o seguinte:

"As organizacións sindicais CCOO e UGT ante o inicio dunha nova lexislatura consideramos necesario, extremo este que compartimos coas organizacións empresariais CEOE e CEPYME, abordar en canto se produza a constitución dun novo Goberno, un ambicioso programa de negociación tripartita, Goberno, sindicatos e organizacións empresariais, que polo menos abarque ás seguintes materias:

1. Criterios de política salarial e determinación do Salario Mínimo Interprofesional.
2. Estatuto dos Traballadores e negociación colectiva.
3. Emprego (Plan de choque emprego;



emprego entre os mozos; desemprego de longa duración; maiores de 45 anos; políticas activas de emprego; modalidades de contratación; e despedimento).

4. Formación para o emprego.
5. Mutuas.
6. Sistema público de pensións.
7. Protección por desemprego.
8. Prestación ingresos mínimos.

9. Lei de participación institucional e participación na empresa.

Materias todas elas que non exclúen outras que poidan resultar de interese dos distintos interlocutores, de gran transcendencia para a economía, as relacións de traballo e o benestar das persoas.

É interese de ambas as organizacións manter unha reunión ao máis alto nivel para poder comentar directamente os temas contidos nesta carta."

UGT manifesta o seu rexeitamento á escalada de violencia contra a poboación civil

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores manifesta a súa máis enérxica condena polos atentados rexistrados en Ansbach (Alemaña), Cabul (Afganistán) e en Bagdad (Iraq) -que xa sufriu similares ataques a principios de xullo- e que se saldaron entre este fin de semana e o luns con máis dun centenar de persoas falecidas e dúzias de feridos. En Cabul, a maior parte eran da minoría hazara, que concentra os maiores niveis de pobreza.

UGT transmite a súa solidariedade ás vítimas destes actos antidemocráticos e crueis, así como, aos seus familiares e amigos. O sin-

dicato traslada publicamente o seu apoio á cidadanía destes países, ás súas organizacións sindicais e aos traballadores e traballadoras, e en concreto á organización sindical afgá NUAVE, afiliada á Confederación Sindical Internacional (CSI). Expresa, así mesmo, admiración e solidariedade coas compañeiras e compañeiros traballadores afgáns, que exercen o seu labor diario en condicións extremas de violencia e inseguridade.

A matanza producida durante unha manifestación pacífica é un ataque a todas e a todos, moi especialmente ao centrarse entre os máis pobres dun país que sofre aínda as

secuelas consecuencia do bárbaro réxime talibán, a guerra e a fame.

O sindicato fai extensible a súa repulsa e enérxica condena a toda esta escalada de violencia contra a poboación civil que se está sucedendo de forma consecutiva e que pretenden sementar o terror e amedrentar a unha poboación que loita por vivir nunha sociedade democrática.

O sindicato reitera o compromiso das traballadoras e traballadores aos que representa, pola paz, a liberdade, a democracia e os dereitos humanos.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

NON HAI RAZÓN LEGAIS QUE IMPIDAN REVALORIZAR AS PENSÍONS EN 2017

Redacción.- UGT considera que non existen razóns legais que impidan revalorizar e incrementar as pensións para 2017, aínda que se prorroguen os Orzamentos Xerais do Estado (PXE) de 2016, como sinalou en declaracións á cadea SER o vicesecretario sectorial do Partido Popular (PP), Javier Maroto.

O sindicato mostra a súa sorpresa por estas manifestacións e esixe a Mariano Rajoy, presidente do Goberno en funcións, e candidato á Presidencia do Goberno, que aclare que vai facer, se goberna, coas pensións en 2017 e que se comprometa a utilizar os instrumentos legais que existen, e que se utilizaron noutras ocasións en caso de prórroga de orzamentos, para garantir de inmediato o poder adquisitivo dos pensionistas deste país.

O sindicato lémbrale ao sr. Maroto que o Goberno do PP en 2011 (como se fixo tamén



en 1989 e 1995) aprobou un Real Decreto Lei de medidas urxentes en materia orzamentaria (DL 20/2011, do 30 de decembro) que estableceu un incremento do 1% para as pensións mínimas e as contributivas da Seguridade Social mentres se elaboraban e aprobaban os PXE de 2012.

O partido que sustenta ao Goberno en funcións, o Partido Popular, non debería buscar subterfuxios para presionar e alamar aos

pensionistas porque, polo menos, non existen razóns legais para que non poidan ver incrementadas as súas pensións, salvo que as razóns sexan doutro tipo e, nese caso, deberían dicilas.

UGT reitera que, en caso de prórroga dos Orzamentos Xerais do Estado, a práctica habitual foi garantir a revalorización das pensións e o mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas.

Empregados da ORA de Lugo demandan a volta aos seus postos de traballo

Redacción.- A finais deste mes cumprese un ano da suspensión do servizo da ORA en Lugo e, polo tanto, finaliza o ERE temporal dos 15 traballadores da empresa Doal, que era a concesionaria do servizo.

Abandono por parte do Concello

Esta situación provoca unha gran incertidume entre os traballadores porque, por un lado, non poden volver á empresa da que non teñen, a día de hoxe, coñecemento sobre a súa actividade, xa que, segundo explicou Eladio Romero, secretario xeral de SMC, "está desaparecida". Por outra banda, non se avanzou nada no tema da remunicipalización do servizo da ORA. Neste senso, os traballadores denuncian o abandono do que son vítimas por parte do Concello de Lugo, de todos os grupos municipais, e da súa alcaldesa á cabeza.

Romero pediu unha solución a esta complexa conxuntura e lembrou que os traballadores están nunha situación difícil ao finalizar o ERE porque as súas prestacións quedarán anuladas. Por todo isto, SMC-UGT considera que urxe darlle unha saída laboral efectiva aos afectados que a día de hoxe atópanse en terra de ningúen.

A Audiencia Nacional volve dar a razón a UGT no contencioso dos prexubilados de Izar e Imenosa

Redacción.- A Sala do social da Audiencia Nacional ven de estimar a demanda interposta por UGT-FICA e Industria de CCOO pola que recoñece o dereito dos traballadores prexubilados de Izar e Imenosa a que se lles reintegre o 1% das percepcións correspondentes ao ano 2014 e que lles foron descontadas pola SEPI ao interpretar que, ao ser o IPC real do ano 2014 do -1%, podía descontar esa cantidade ás percepcións dos traballadores.

A Audiencia Nacional volve a dar a razón a UGT-FICA no contencioso que vén mantendo nos últimos anos coa SEPI respecto da actualización anual do IPC dos traballadores que foron prexubilados a partir do ano 2004 de Izar e de Imenosa e tamén de empresas doutros sectores.

Nesta ocasión, a Audiencia Nacional declarou o dereito dos traballadores a que as cantidades garantidas correspondentes ao ano 2014 teñan a mesma contía que as percibidas no ano 2013 e que dita contía sexa a base sobre a que se aplique a actualización correspondente ao ano 2015. Ademais, condena á empresa Izar (en liquidación) a abonar as cantidades recoñecidas.

Nesta mesma liña a Audiencia Nacional recoñece o dereito dos traballadores a que as cantidades percibidas sexan incrementadas



desde a data desta sentenza ata que a débeda sexa abonada de acordo ao interese legal do diñeiro incrementado en 2 puntos.

O Tribunal entende nos seus fundamentos de dereito que "o efecto dun IPC negativo nun determinado ano, haberá de ser, en aplicación de tal precepto, unicamente que non exista incremento da indemnización en tal anualidade, pero non unha redución da mesma". E aclara que "unha redución dos complementos económicos pactados nos acordos do ERE vinculada a un IPC negativo, esixiría, con arranxo á xurisprudencia do TS antes exposta, unha previsión en tal sentido expresa, clara e contundente", o que non sucede neste caso.

A este respecto, o colaborador da Comisión Executiva Federal de UGT-FICA, Manuel Velado, valora positivamente esta sentenza e lamenta, unha vez máis, que a SEPI actuase en contra dos intereses dos traballadores prexubilados das empresas públicas, a pesar de que a xustiza vén dando a razón ao Sindicato en todas as súas demandas.